



II CONCURSO DE MARCAPÁXINAS

O Concello do Pereiro de Aguiar, a través da Área de Cultura e da Biblioteca Municipal convoca o “**II CONCURSO DE MARCAPÁXINAS**”, para conmemorar o Día do Libro o próximo 23 de abril.

1. Participantes: Nenos e nenas de entre 3 e 15 anos.

Estableceranse tres categorías:

- De 3 a 6 anos.
- De 7 a 10 anos.
- De 11 a 15 anos.

A participación no concurso implica a aceptación das bases.

2. Formato: O marcapáxinas a presentar deberá ter unhas medidas de 5x20cm e o deseño realizarase por unha das caras. Pola parte traseira, levará o pseudónimo que identifique o traballo e a idade.


3. Presentación: Os traballos presentaranse de xeito presencial na Biblioteca, de luns a venres de 10.00h. a 14.00 h. ou de 16.00 a 20.00 h.

Xunto co marcapáxinas, entregaranse nun sobre pechado os datos identificativos, nome e apelidos, idade e número de teléfono. Por fora levará o pseudónimo que se corresponderá co que aparece no marcapáxinas.

Poderanse presentar un máximo de 2 marcapáxinas por participante.

4. Prazo de presentación: O prazo comeza no momento de publicación das bases, e remata o 22 de abril.

5. Dereitos de propiedade. Cada participante cede tódolos dereitos en relación co traballo realizado e presentado ao Concello do Pereiro de Aguiar. Do mesmo xeito cédense os dereitos de manipulación, edición, exposición e reprodución das imaxes.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

6. **Selección dos marcapáxinas gañadores:** Á hora de valorar, os membros do xurado terán en conta a orixinalidade, a imaxinación, a estética do marcapáxinas, a técnica e a variedade de materiais empregados así como o resultado final.
7. **Xurado e fallo:** O xurado será elixido pola organización, e o fallo emitirase o día 28 de abril. Os gañadores do concurso comunicaranse mediante vía telefónica aos interesados e a través da web e das redes oficiais do Concello.

O xurado escollerá 18 marcapáxinas gañadores en total, 6 por categoría.
8. **Premios:** Os traballos seleccionados serán impresos e repartidos nos colexios e tamén estarán dispoñibles para todos os usuarios da Biblioteca Pública do Pereiro de Aguiar.

Todos os marcapáxinas presentados estarán dispoñibles na páxina web do Concello para a súa descarga.

Todos os nenos e nenas recibiran ademais un diploma de participación.
9. **Máis información:** Calquera información ou aclaración, no enderezo electrónico cultura@concellopereiro.com ou no teléfono 988 259 839.

No Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez

